

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vós para solicitar a vosa colaboración nun proxecto solidario no que **o centro acordou participar**, a proposta das clases de 6º EP.

Con motivo do estudo da alimentación en ciencias naturais, unha voluntaria do Banco de Alimentos de Vigo explicoulles, por videoconferencia, as misións desta organización. E a partir de aí, fixeron a proposta e **decidimos organizar a nosa propia recollida de alimentos na escola!**

Sabemos que a causa da crise económica provocada por esta pandemia hai cada vez máis persoas que precisan unha axuda para poder alimentarse correctamente. E por iso, porque a alimentación sa e a saúde son Dereitos Humanos decidimos mobilizarnos e aportar o noso apoio.

De xeito **voluntario, do 19 ao 27 de novembro**, podedes aportar un **paquete de alimentos non perecedoiros** que se depositará nunha caixa habilitada ao efecto en cada clase ou no corredor, onde estará en corentena, para despois facelo chegar ao Banco de Alimentos das Rías Altas, que é ao que está adscrita a zona de Vedra (www.balrial.org).

Grazas por axudarnos a facer un mundo máis solidario!

CPI Plurilingüe de Vedra

